



INFORME DE ACTIVIDADE DAS INFECCIÓNS RESPIRATORIAS AGUDAS EN GALICIA

Dirección Xeral de Saúde Pública

Datos ata a semana 10 do ano 2026 (08-03-2026)

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

ÍNDICE

Resumo	3
Ligazóns de interese	5
1. Introducción.....	6
2. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias	10
3. Consultas na Atención Primaria do Sergas.....	12
3.1. Consultas na Atención Primaria do Sergas por grupo de idade	13
3.2. Consultas na Atención Primaria do Sergas por área sanitaria	14
4. Ingresos con patóxeno confirmado	15
4.1. Ingresos por grupo de idade	16
4.2. Ingresos por área sanitaria.....	17
5. Resultado das probas microbiolóxicas.....	18
5.1. Positividade por área sanitaria.....	20

Resumo

Cualificación da actividade gripal en Galicia na semana 10/2026

Intensidade: BASAL

Tendencia: DECRECENTE

Difusión: ESPORÁDICA

Dispensación nas oficinas de farmacia. Na semana 10/2026 (que rematou o 08-03-2026) as taxas de dispensación de antigripais e probas de antíxenos aumentaron un 5,2% e un 25,4% respectivamente en comparación coa semana anterior.

Consultas en atención primaria. Na semana 10 a vixilancia baseada nos rexistros de atención primaria amosa os seguintes datos.

- **Total de infeccións respiratorias agudas (IRAs):** a taxa de consultas descendeu un 6,3% en comparación coa semana previa, quedando en 146,1 consultas por 10⁵ habitantes. Este descenso observouse en todos os grupos de idade agás no de 5 a 19 anos, no que a taxa aumentou un 10,7%. En relación ás áreas sanitarias a taxa de consultas diminuíu en todas elas con excepción da de Lugo onde aumentou lixeiramente (un 2,6%).

- **Gripe:** a taxa de consultas diminuíu un 23,9% a respecto da semana previa e fica en 5,1 consultas por 10⁵ habitantes, polo que a intensidade da actividade gripal continúa no nivel basal. O descenso da taxa produciuse en todos os grupos de idade con excepción do de 5 a 19 anos e o de 80 e máis anos, nos que aumentou lixeiramente. O grupo coa maior taxa de consultas foi o de 60 a 79 anos con 5,3 consultas por 10⁵ habitantes, aínda que esta taxa non difire moito da observada noutros grupos de idade. Por área sanitaria, obsérvanse pequenos incrementos nas áreas de Santiago, Ferrol e Pontevedra.

- **COVID-19:** en comparación coa semana previa, a taxa de consultas descendeu lixeiramente quedando en 0,7 consultas por 10⁵ habitantes. Por grupos de idade unicamente se observa un aumento no grupo de 0 a 4 anos que duplicou a súa taxa. Este foi o grupo coa taxa máis elevada con 5,3 consultas por 10⁵ habitantes. Por área sanitaria, a taxa de consultas aumentou lixeiramente nas áreas de Ferrol e Pontevedra aínda que todas elas presentan valores moi baixos.

- **Consultas por bronquiolite en menores de 2 anos:** a taxa de consultas por bronquiolite aguda (código R78.01 da CIAP-2) neste grupo de idade descendeu un 44,6% a respecto da semana anterior, sendo de 239,6 consultas por 10⁵

habitantes. A evolución deste indicador pódese consultar no informe de seguimento do virus respiratorio sincitial (VRS) en Galicia ([ligazón](#)).

Ingresos con patóxeno confirmado

- **Gripe:** na semana 10 ingresaron 12 persoas con gripe confirmada, un 20% menos que na semana anterior (15 ingresos). A taxa de ingresos no conxunto da poboación foi de 0,4 ingresos por 10^5 habitantes. Por grupos de idade, non se observou ningún incremento da taxa. O grupo coa taxa máis elevada foi o de 80 e máis anos con 2,4 ingresos por 10^5 habitantes, se ben a respecto da semana anterior, descendeu un 35,1%. Por área sanitaria, a taxa de ingresos mantívose máis ou menos estable en todas elas, cun lixeiro incremento na de Ferrol. No que vai de tempada notificáronse 4.189 ingresos, a maioría deles (4.172) con virus do tipo A (74% do subtipo AH1N1pdm09).

- **COVID-19:** en comparación coa semana previa, a taxa de consultas mantívose estable con 0,2 ingresos por 10^5 habitantes. Tanto por grupos de idade como por áreas sanitarias, non se produciron aumentos e incluso hai valores nulos.

- **VRS:** a taxa de ingresos no conxunto da poboación foi de 1,1 ingresos por 10^5 habitantes, un 57,7% inferior á da semana anterior. O único grupo de idade no que aumentou a taxa de ingresos foi o de 0 a 4 anos que presentou unha taxa de 10,6 ingresos por 10^5 habitantes (un 60,6% superior á da semana anterior). En canto ás áreas sanitarias, a única que presentou un lixeiro aumento foi a de Ferrol.

Resultados das probas microbiolóxicas

- **Gripe:** na semana 10 a positividade das mostras estudadas para virus do tipo A foi do 1,3%, o que supón un descenso a respecto da semana anterior (1,8%). Dos virus do tipo A subtipados no que vai de tempada, o 73% foron H1N1pdm09 e o resto H3N2.

A positividade das mostras estudadas para virus do tipo B foi do 0%, polo que a positividade dos virus da gripe (sen diferenciar tipo) foi do 1,3%, inferior á da semana anterior (1,8%).

- **COVID-19:** a positividade das mostras estudadas para SARS-CoV-2 en Galicia foi do 0,6%, semellante á da semana previa, na que foi do 0,7%. Debido á baixa incidencia de SARS-CoV-2, non é posible obter datos acerca da prevalencia de variantes pola escaseza de mostras microbiolóxicas.

- **VRS:** na semana 10 a positividade foi do 6,7%, inferior á da semana anterior. Os valores mantéñense por riba do limiar empregado para definir a onda epidémica do VRS (3%).

Evolución da actividade gripal

A intensidade da actividade gripal continúa no nivel basal acadado na semana 4, semana na que finalizou a onda estacional de gripe. Con todo, a situación epidemiolóxica da gripe, SARS-CoV-2 e VRS seguirá monitorizándose durante toda a tempada de virus respiratorios co fin de detectar cambios relevantes.

As estimacións do modelo predictivo empregado na vixilancia da onda estacional de gripe poden consultarse nos informes previos de seguimento de IRAs ata a semana 4 ([ligazón](#)).

Ligazóns de interese

Infeccións Respiratorias Agudas: [ligazón](#).

Campaña de vacinación antigripal: [ligazón](#).

Informe de actividade do VRS en Galicia na tempada 2024/2025: [ligazón](#).

1. Introducción

En Galicia as infeccións respiratorias víxíanse mediante os seguintes datos: as consultas na atención primaria, o resultado das probas microbiolóxicas para o diagnóstico de gripe, SARS-CoV-2 e VRS e os ingresos hospitalarios con confirmación microbiolóxica dos virus estudados.

Dispensación nas oficinas de farmacia. Trátase das dispensacións de antigripais e probas rápidas de antíxenos para a detección de gripe e COVID-19, nas oficinas de farmacia.

A vixilancia sentinela da dispensación nas oficinas de farmacia inclúe datos procedentes de 70 farmacias do territorio galego (30 de A Coruña, 20 de Pontevedra, 10 de Lugo e 10 de Ourense) recollidos con periodicidade semanal. En relación aos antigripais, inclúense o número das 5 especialidades farmacéuticas publicitarias (EFP) máis dispensadas.

Consultas en atención primaria. Semanalmente extráense da base de datos de atención primaria os rexistros que teñen o motivo da consulta codificado como unha infección respiratoria aguda codificada como: COVID-19 (A77, A77.01 e A77.04), infección respiratoria aguda do tracto superior (R74), amigdalite aguda (R76), farinxite/amigdalite estreptocócica (R72), larinxite/traqueíte aguda (R77), bronquite, infección do tracto inferior, infección pulmonar aguda (R78), bronquiolite (R78.01), gripe (R80), pneumonía (R81), pneumonía bacteriana (R81.01) e pneumonía viral (R81.02).

Estas consultas transfórmanse en casos de infección respiratoria aguda deixando un só rexistro por persoa co criterio seguinte: elimínase os rexistros que nos 10 días previos tiñan outro rexistro co mesmo ou distinto código. Con estes datos calcúlanse os seguintes indicadores coa semana como referencia temporal:

- **Taxa de consultas:** Número de casos de IRAs, gripe, COVID-19 e VRS por cada 10⁵ habitantes e taxa de consultas por bronquiolite aguda en menores de 2 anos. Os datos de poboación proveñen do Censo (IGE), e a taxa amósase para o conxunto de Galicia, por grupo de idade e por área sanitaria (agás no caso da bronquiolite aguda). No caso da gripe, a taxa de consultas emprégase para establecer o nivel de intensidade gripal da semana (ver máis adiante).

Ingresos con gripe, COVID-19 e infección con VRS confirmada. Semanalmente crúzase a base de datos dos laboratorios de microbioloxía coa de ingresos hospitalarios, obtendo a relación de persoas que ingresaron no hospital e teñen polo menos un resultado positivo a gripe e SARS-CoV-2 entre os 5 días previos á hospitalización e os 5 días posteriores á mesma. No caso do VRS contaránse as persoas que ingresaron e teñen un resultado positivo entre os 5 días previos á

hospitalización e a data de alta. Estas persoas considérase que estiveron ingresadas CON gripe, COVID-19 ou infección por VRS sen determinar se o virus foi a causa que motivou o ingreso ou non.

Por outro lado é importante indicar que polo motivo anterior, no caso da gripe e a COVID-19, poden existir discrepancias con informes previos xa que un novo positivo nunha persoa hospitalizada na semana previa será contabilizado na semana na que ingresou no hospital e non na que se obtén o resultado da proba.

Cos datos anteriores calcúlanse os seguintes indicadores coa semana (definida pola data de ingreso) como referencia temporal:

- Taxa de ingresos con gripe, COVID-19 ou infección por VRS confirmada. Número de ingresos con gripe, COVID-19 ou infección por VRS confirmada por cada 10^5 habitantes. Os datos de poboación proveñen do Censo (IGE), e a taxa amósase para o conxunto de Galicia, por grupo de idade e por área sanitaria.

Resultado das probas microbiolóxicas. Semanalmente extráense das bases de datos dos laboratorios de microbioloxía todas as probas empregadas para o diagnóstico de gripe, SARS-CoV-2 e VRS co seu resultado. Posteriormente redúcense a unha proba por persoa e semana, empregando os seguintes criterios:

- Para a gripe, aplícase un criterio de prioridade de forma independente para virus do tipo A e do tipo B. No tipo A priorízase a proba con data máis antiga e resultado positivo para un subtipo (H1N1_{pdm09} ou H3N2), despois a proba con data máis antiga e resultado positivo sen información sobre o subtipo e finalmente a proba negativa con data máis antiga. No tipo B priorízase a proba positiva con data máis antiga e despois a proba negativa con data máis antiga.
- No caso do SARS-CoV-2 e do VRS establécese como criterio o uso da proba positiva con data máis antiga e, no caso de non ter ningún resultado positivo, a proba negativa con data máis antiga.

Con estes datos calcúlanse os seguintes indicadores coa semana como referencia temporal:

- Positividade das probas diagnósticas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS: Porcentaxe de persoas con resultado positivo na proba diagnóstica respecto do total de persoas ás que se lle realizou unha proba diagnóstica de gripe, SARS-CoV-2 e VRS. Amósase a positividade global e por área sanitaria.
- Positividade das probas diagnósticas por tipo de virus da gripe: Positividade calculada restrinxindo as probas ás que diagnostican o tipo de virus (A ou B) no conxunto de Galicia.

- Número de probas positivas de gripe A por subtipo: Número de persoas con proba diagnóstica positiva para gripe A do subtipo H1N1_{pdm09} ou H3N2 no conxunto de Galicia.
- Taxa de probas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS: Número de probas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS realizadas por cada 10⁵ habitantes para o global de Galicia e por área sanitaria.

Cualificación da actividade gripal. Para cualificar a actividade gripal en Galicia utilízanse os seguintes indicadores:

- Evolución da actividade gripal. A evolución diferénciase nas tres categorías seguintes:
 - Crecente: A intensidade da actividade gripal aumenta comparada coa semana previa.
 - Decrecente: A intensidade da actividade gripal diminúe comparada coa semana previa.
 - Estable: A intensidade da actividade gripal non cambia comparada coa semana previa.
- Intensidade da actividade gripal. A intensidade da actividade gripal cualifícase a partir da taxa de consultas por gripe (rexistradas co código CIAP-2 R80). Os limiares de cambio de nivel de intensidade estimáronse co modelo de epidemias móbiles¹.

Niveis de intensidade da actividade gripal na tempada 2024/25	Basal:	por debaixo de 26,69
	Baixa:	entre 26,69 e 96,76
	Media:	entre 96,76 e 165,58
	Alta:	entre 165,58 e 209,96
	Moi alta:	igual ou por riba de 209,96

- Difusión xeográfica da actividade gripal. A difusión xeográfica cualifícase nas catro categorías seguintes:
 - Nula: Non hai evidencia microbiolóxica de actividade gripal e a intensidade da actividade gripal é baixa.
 - Esporádica: Hai constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio (ou un abrocho nunha soa institución) e a intensidade da

¹ Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe: establishing epidemic thresholds by the moving epidemic method, *Influenza Other Respir Viruses*. 2013; 7:546–58. <https://doi.org/10.1111/j.1750-2659.2012.00422.x>

actividade gripal é basal ou, pese a non ter constancia de casos positivos nunha semana concreta houbóos nas tres semanas previas.

- Local: Hai constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio e a intensidade da actividade gripal atópase nalgúñas provincias por riba do nivel basal, establecido co número de consultas semanais por gripe na atención primaria do Sergas (AC: 290; PO: 274; LU 84 e OU: 128) (ou ben tiveron lugar varios abrochos).
- Xeral ou Espallada: Hai constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio e a intensidade da actividade gripal situase por riba do límite basal en varias provincias que supoñan máis do 50% da poboación de Galicia.

2. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias




Figura 1. Taxa de consultas por IRAs na Atención Primaria do Sergas e taxa de dispensación de antigripais e probas de antíxenos por 100.000 habitantes. Datos ata o 08-03-2026.




Figura 2. Taxa de consultas por gripe na Atención Primaria do Sergas e taxa de dispensación de antigripais e probas de antíxenos por 100.000 habitantes. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	Antigripais		Probas de antíxeno	
	Número	Taxa	Número	Taxa
1	1.934	90,46	1.213	59,49
2	1.748	85,42	821	40,28
3	1.108	51,69	489	23,52
4	1.073	49,12	280	13,79
5	858	39,22	269	13,80
6	814	39,23	213	10,63
7	751	36,09	183	8,81
8	692	33,23	158	8,38
9	742	34,57	162	7,60
10	752	36,38	183	9,53

Táboa 1. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias. Número de unidades e taxa por 100.000 habitantes nas últimas 10 semanas en Galicia. Datos ata o 08-03-2026.

3. Consultas na Atención Primaria do Sergas




Figura 3. Taxa de consultas por IRAs, gripe e COVID-19, por 100.000 habitantes, na Atención Primaria do Sergas.

3.1. Consultas na Atención Primaria do Sergas por grupo de idade

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	1.201,1	231,0	135,2	148,4	183,3	189,0
6	1.120,3	208,5	118,4	126,9	167,4	168,6
7	1.052,8	178,1	114,5	125,3	163,4	159,1
8	809,1	145,3	100,9	99,9	118,1	131,1
9	982,6	163,1	113,0	129,0	167,0	155,9
10	925,6	180,5	102,4	122,5	136,9	146,1

Táboa 2. Taxas semanais de consultas por todas as IRAs, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-03-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	17,2	22,7	18,5	11,0	11,4	16,8
6	25,2	17,1	12,7	10,7	7,7	13,0
7	9,3	12,7	10,3	5,7	7,7	9,4
8	9,3	5,6	8,0	6,2	4,1	7,1
9	6,6	3,5	7,9	6,5	4,5	6,7
10	1,3	4,7	5,2	5,3	4,9	5,1

Táboa 3. Taxas semanais de consultas por gripe, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-03-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	0,0	0,6	1,3	2,1	4,9	1,8
6	0,0	1,2	1,2	1,5	2,4	1,4
7	2,6	0,3	1,2	0,7	0,0	1,0
8	0,0	0,0	0,3	0,4	0,8	0,3
9	2,6	0,6	1,2	0,4	1,6	1,0
10	5,3	0,9	0,5	0,4	1,2	0,7

Táboa 4. Taxas semanais de consultas por COVID-19, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-03-2026.

3.2. Consultas na Atención Primaria do Sergas por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	149,1	134,9	109,3	149,5	229,6	124,3	172,0
6	142,2	105,3	120,1	143,1	197,1	103,5	158,7
7	117,3	115,6	96,4	131,7	182,6	110,3	142,8
8	98,0	98,8	64,1	101,5	159,3	80,7	110,8
9	115,9	114,5	92,1	114,8	210,2	93,4	131,8
10	110,3	110,3	86,1	117,8	196,4	82,0	124,1

Táboa 5. Taxas semanais de consultas por todas as IRAs, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	9,7	11,0	9,2	20,0	14,1	11,4	17,0
6	9,0	8,9	6,5	15,4	12,5	10,4	6,8
7	7,8	7,8	3,2	10,8	8,2	4,2	6,5
8	5,3	2,7	2,7	8,0	8,5	2,3	4,4
9	5,8	3,8	1,1	3,4	6,9	2,3	4,2
10	4,3	4,7	2,2	3,1	5,6	2,9	1,4

Táboa 6. Taxas semanais de consultas por gripe, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	3,5	1,1	0,0	1,5	2,0	1,0	0,7
6	2,3	0,7	0,5	0,9	1,3	0,7	1,0
7	1,1	0,4	0,5	0,6	0,3	0,7	0,9
8	0,2	0,4	0,0	0,0	0,7	0,0	0,0
9	2,7	0,9	0,0	1,5	0,7	0,0	0,0
10	1,4	0,2	0,5	0,3	0,7	0,7	0,2

Táboa 7. Taxas semanais de consultas por COVID-19, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-03-2026.

4. Ingresos con patóxeno confirmado




Figura 4. Taxa de ingresos con gripe, SARS-CoV-2 ou VRS confirmado, por 100.000 habitantes, en Galicia ata o 08-03-2026.

4.1. Ingresos por grupo de idade

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	2,6	0,6	0,3	2,9	15,5	2,4
6	2,6	0,0	0,4	2,1	9,0	1,6
7	1,3	0,3	0,0	0,6	8,1	1,0
8	0,0	0,0	0,1	0,7	4,1	0,6
9	1,3	0,0	0,0	0,7	3,7	0,6
10	0,0	0,3	0,0	0,7	2,4	0,4

Táboa 8. Taxas semanais de ingresos con gripe, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	1,3	0,0	0,1	0,1	1,6	0,3
6	0,0	0,0	0,2	0,6	2,0	0,4
7	0,0	0,0	0,1	0,3	1,6	0,3
8	1,3	0,0	0,0	0,1	1,2	0,2
9	0,0	0,0	0,0	0,3	2,4	0,3
10	1,3	0,0	0,1	0,1	0,8	0,2

Táboa 9. Taxas semanais de ingresos con COVID-19, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
5	21,2	1,2	0,9	6,2	30,6	5,5
6	17,2	0,6	0,6	4,3	24,4	4,1
7	10,6	0,3	0,5	5,7	31,8	4,9
8	7,9	0,3	0,7	3,1	22,0	3,4
9	6,6	0,3	0,4	3,2	15,1	2,6
10	10,6	0,3	0,2	0,4	5,7	1,1

Táboa 10. Taxas semanais de ingresos con VRS, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-03-2026.

4.2. Ingresos por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	2,6	1,6	1,6	2,1	5,2	2,9	1,6
6	1,9	0,2	0,5	3,4	2,0	2,9	0,7
7	0,7	0,7	0,0	2,8	0,7	1,0	0,9
8	0,9	0,0	0,5	1,5	0,3	0,7	0,3
9	0,0	0,9	0,0	0,9	0,3	0,7	0,9
10	0,4	0,2	1,1	0,6	0,3	0,3	0,5

Táboa 11. Taxas semanais de ingresos con gripe, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	0,2	0,0	0,0	0,3	1,0	0,0	0,3
6	0,4	0,0	0,5	0,3	0,3	0,3	1,0
7	0,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	0,2
8	0,2	0,0	0,0	0,9	0,0	0,0	0,2
9	0,7	0,0	0,0	0,0	1,0	0,0	0,2
10	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3

Táboa 12. Taxas semanais de ingresos con COVID-19, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
5	3,2	4,9	4,3	3,7	10,5	8,8	5,2
6	3,0	3,1	5,4	5,5	5,6	4,6	3,8
7	2,6	3,6	4,3	8,0	7,2	5,9	4,9
8	2,3	1,3	4,3	6,1	5,2	4,6	2,6
9	1,2	2,0	0,5	4,6	4,9	3,6	2,1
10	0,4	0,4	1,1	2,5	1,0	2,0	1,0

Táboa 13. Taxas semanais de ingresos con VRS, por 100.000 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

5. Resultado das probas microbiolóxicas




Figura 5. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de gripe en Galicia ata o 08-03-2026.




Figura 6. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de gripe en Galicia para gripe A e gripe B, e número de positivos de gripe A por subtipo. Datos ata o 08-03-2026.




Figura 7. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de COVID-19 en Galicia ata o 08-03-2026.




Figura 8. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de VRS en Galicia ata o 08-03-2026.

5.1. Positividade por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
5	6,7	4,2	3,8	5,6	7,7	7,4	4,4	5,8
6	4,5	1,2	2,5	3,9	3,1	8,9	1,6	3,7
7	3,1	2,6	0,6	4,3	2,3	3,6	1,8	2,8
8	2,9	0,8	1,9	2,4	1,1	2,6	2,3	2,0
9	3,6	1,5	0,0	1,4	0,3	1,9	2,0	1,8
10	0,9	1,2	1,4	1,4	0,4	3,7	1,1	1,4

Táboa 14. Porcentaxe de positividade das probas de gripe nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
5	0,4	0,2	0,5	0,6	1,2	0,3	1,2	0,6
6	0,3	0,0	0,5	0,2	0,5	0,6	3,5	0,8
7	1,2	0,0	0,6	0,4	0,3	0,6	1,0	0,6
8	0,8	0,3	0,6	0,7	0,0	0,0	0,6	0,5
9	1,3	0,7	0,0	0,2	0,9	0,0	0,6	0,7
10	1,0	0,5	0,0	0,2	0,3	0,4	1,1	0,6

Táboa 15. Porcentaxe de positividade das probas de SARS-CoV-2 nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
5	7,6	7,7	10,8	7,3	10,7	16,8	12,2	10,1
6	5,9	7,0	7,0	7,8	10,5	13,2	10,0	8,7
7	8,6	8,2	8,1	12,0	9,4	17,6	9,7	10,5
8	7,8	5,2	6,8	11,0	9,5	6,8	9,4	8,2
9	6,7	4,7	2,9	7,5	10,0	11,7	8,9	7,6
10	5,4	3,7	6,1	9,6	9,2	7,8	5,6	6,7

Táboa 16. Porcentaxe de positividade das probas de VRS nas últimas 6 semanas da tempada 2025-26 por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.




Figura 9. Taxa de probas de gripe por 100.000 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2025-26 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.

PROBAS MICROBIOLÓXICAS

Porcentaxe de positividade a SARS-CoV-2 (08-03-26)




Figura 10. Taxa de probas de SARS-CoV-2 por 100.000 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2025-26 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.




Figura 11. Taxa de probas de VRS por 100.000 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2025-26 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-03-2026.